



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A planificación estratéxica como método de xestión pública

CONVOCATORIA: Curso monográfico A planificación estratéxica como método de xestión pública

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 10/01/2018 - 08:00h ao 17/01/2018 - 23:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Os obxectivos fundamentais do curso son:

- Analizar os aspectos máis destacados da planificación estratéxica e da dirección por obxectivos: conceptos fundamentais e principios.
- Motivar os participantes na reflexión estratéxica para facer fronte aos desafíos do sector público.
- Afondar no coñecemento e no manexo das principais ferramentas necesarias para formular e implementar a planificación estratéxica como método de traballo nas organizacións públicas.
- Coñecer algunhas experiencias de planificación estratéxica levadas a cabo na Administración pública.
- Aplicar os coñecementos adquiridos mediante a elaboración dun plan estratéxico.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia, que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

1. Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
2. Grupos I e II do persoal laboral.

PROGRAMA

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Consideracións sobre a planificación estratéxica na Administración pública.
- O proceso de elaboración dun Plan estratéxico xeral.
- O proceso de elaboración dun Plan operativo Anual.
- O sistema de seguimento e avaliación dun Plan operativo anual.
- Experiencias de planificación estratéxica na Administración española.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/ as os/ as solicitantes deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes que non acompañen dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 17 de xaneiro de 2018.

3. DATOS EDICIÓNS

VIGO

LOCALIDADE: Vigo

INICIO / FIN: 24/01/2018 a 26/01/2018

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

CONSUELO SANCHEZ NARANJO

BENITO RAMOS RAMOS

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Vigo. Salón de actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia; rúa Concepción Arenal, 8.